Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.
En virtude do sinalado anteriormente subscriben, en nome das entidades ás que representan, o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

## CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto
Este convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribas de Sil en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

| ACTUACIÓNS | CUSTE TOTAL |
|---|---|




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 62/133 |

| | |
|---|---|
| 1. ADECUACIÓN DE ESTRADA DE ACCESO A FIGUEIREDO | 59.619,19 € |
| 2. MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE ALUMEADO PÚBLICO EN SAN CLODIO | 12.478,37 € |
| 3. ADQUISICIÓN SE MESAS E CADEIRAS PARA EVENTOS | 8.251,55 € |
| 4. ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO | 6.594,25 € |
| 5. BEIRARRÚAS E PASOS ELEVADOS NA RÚA DO SIL (SAN CLODIO) | 21.258,11 € |
| 6. AMPLIACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO EN BARREIRO | 11.049,89 € |
| 7. SUBMINISTRO DE LUMINARIAS SOLARES PARA A ALDEA DE FRAGA E O PASEO DA PRAIA FLUVIAL DE SAN CLODIO | 5.324,00 € |
| 8. MELLORA E AMPLIACIÓN DA REDE DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA EN VILARDONAS | 13.604,00 € |
| 9. ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS (IV FESTA DO VIÑO E FESTA DA XUVENTUDE) | 17.379,12 € |
| CUSTE TOTAL | 155.558,48€ |

No suposto de que se produzan alteracións poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións ou os gastos relacionados se atopen executados e pagados.
Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións, comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

| ACHEGA DEPUTACIÓN | ACHEGA CONCELLO |
|---|---|
| 100.000,00 € | 55.558,48 € |
| TOTAL: 155.558,48 € | |

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

SEGUNDA.- Ámbito territorial
O ámbito de desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o concello de Ribas de Sil.

TERCEIRA.- Fin común
Coa formalización do presente convenio pretendese promover e impulsar actuacións e actividades de interese público orientadas á mellora da calidade de vida da veciñanza, á dinamización cultural, social, turística e deportiva do municipio, así como mellorar as infraestruturas e servizos públicos municipais.

CUARTA.- Obrigas e compromisos das partes.
4.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
En caso de producirse baixas, na licitación ou na execución, reducir a achega comprometida polo concello ou, previa solicitude do concello, autorizar a aplicación




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 63/133 |

dos remanentes na licitación ou execución doutra actuación que deberá ter a mesma finalidade.
Non obstante ditas baixas, no suposto de obras, poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final e/ou para financiar os modificados.
4.2. O Concello de Ribas de Sil:
En cumprimento do presente convenio de cooperación o concello de Ribas de Sil comprométese ao seguinte:
a)Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
b) Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
c) Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente.
d) Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente.
e)O prazo de execución das actuacións nº. 1,2,3,4,5,6, 7 e 8 abarca dende o 1 de xaneiro 2026 ata o 30 de setembro de 2027.
f) O prazo de execución da actuación nº 9 abarca dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.
g)Realizar as tramitacións xurídico administrativas necesarias para a executar o obxecto do convenio con suxeición á normativa vixente
h) Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
i) Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
j) Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
k) Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
l) Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
m) Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
n) Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras e contratos patrimoniais).

QUINTA.- Réxime económico.
A)ACHEGAS:
1.- Achega da Deputación:
A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 100.000,00€ (17.379,12 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 e 82.620,88€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026) para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.
2.-Achega do Concello:




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 64/133 |

O concello de Ribas de Sil efectuará unha achega de 55.558,48 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) TITULARIDADE DO RESULTADO DA COOPERACIÓN:

O resultado da cooperación será, no suposto de investimentos,de titularidade municipal.

O resultado da cooperación das actuacións deportivas e culturais será de titularidade compartida posto que os efectos a nivel cultural, turístico e económico ou social son comúns e beneficiarán directamente aos veciños/as do municipio de Ribas de Sil e en xeral a toda a provincia de Lugo.

C) XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA ECONÓMICA.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Ribas de Sil se aporte a conta xustificativa dos gastos da actuación nº9 deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2027.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Ribas de Sil se aporte a conta xustificativa dos gastos das actuacións nº 1,2,3,4,5,6,7 e 8 abarca ata o 31 de outubro de 2027.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

- Memoria de actuacións realizadas.
- Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que as actuacións foron realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 65/133 |

- Certificación da resolución ou acordo de adxudicación das obras expedida polo Secretario/Interventor do Concello co visto e prace do/a alcalde/sa.
- Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condiciones xerais e particulares que, en relación con elos, fosen previamente establecidas.
C)Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:
1. Que o concello asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)", por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
4. Destino do/s ben/s (5 anos en obras e contratos patrimoniais e 2 anos en subministros e servizos)
(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.
Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.
Unha vez aprobada a conta xustificativa se procederá ao seu aboamento.

SEXTA.- Anticipo
A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado, con dispensa de garantía, de ata o 80 % do importe total financiado, é dicir, anticipar 80.000,00 €
Neste caso, o representante do Concello deberá remitir a seguinte documentación:
1. Solicitude do anticipo.
2. Certificación da resolución ou acordo de adxudicación das obras expedida polo Secretario/Interventor do Concello co visto e prace do/a alcalde/sa.
3. Declaración responsable na que conste:
- Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 66/133 |

(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)
4. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.
O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2026.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de marzo 2028 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2027,
respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

OITAVA.- Modificación
A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

NOVENA .- Extinción e efectos
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).
A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

DÉCIMA.- Comisión de Seguimento
Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 67/133 |

control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.
Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.
O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.
Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:
B)Velar polo cumprimento deste convenio.
C)Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
D)Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
E)Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
F)E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.
O Concello incorporará os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.
Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

DÉCIMO SEGUNDA.-Protección de datos
O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 68/133 |

exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

DÉCIMO TERCEIRA.- Carácter do convenio de cooperación.
O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: " Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (…)". Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (…), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:
"As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:
(…) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (…)".
As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.
Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 69/133 |

(artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio .

**2º.-** A aprobación do gasto, por importe de 100.000,00€ (17.379,12€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 e 82.620,88€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026) para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

***4º.- Proposta de aprobación da concesión dunha subvención directa de carácter excepcional plurianual, a favor da entidade Asoc Galega de Apicultura, para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Proxecto de posta en valor dos meles galegos e da abella autóctona" nas anualidades 2026, 2027 e 2028.***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se estable o seguinte:

"Vista a documentación remitida por dona María del Carmen Puga González, en nome e representación da entidade ASOC GALEGA DE APICULTURA, con NIF G15077282, na que solicita unha subvención directa de carácter excepcional plurianual, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Proxecto de posta en valor dos meles galegos e da abella autóctona", polo importe de 25.812,88€ (14.412,88€ en 2026, 5.700,00€ en 2027 e 5.700,00€ en 2028), nas anualidades 2026, 2027 e 2028 (Expte. núm. 2026/OSB_01/000025), procede emitir o seguinte INFORME:

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO: O Orzamento Xeral da Deputación para o ano 2026 foi definitivamente aprobado por acordo plenario de data 30 de decembro de 2025, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2026.

SEGUNDO: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 23 de xaneiro de 2026, aprobou o Plan Estratéxico de Subvencións trianual (anualidades 2026-2028), así como o Anexo I de actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026, e que foron publicados no BOP de Lugo núm. 035 do 31 de xaneiro de 2026.




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 70/133 |

TERCEIRO: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2026, adoptou a seguinte proposta de acordo:
"PRIMEIRO: Que se aprobe a seguinte documentación (CSV: IV7RQUCOB5H4WT6Z7V7VF5YX6A).
1. Os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00 €, que se relacionan a continuación
Anexo I. Solicitude
Anexo II. Certificado do/a secretario/a da entidade solicitante.
Anexo III. Autorización para subcontratar nos supostos do artigo 29.3 e 29.7 d) da LXS.
Anexo IV: Compromiso de obtención de licencias e autorizacións preceptivas para a execución das obras.
2. As instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas de carácter excepcional e sobre a documentación que debe acompañar aos modelos normalizados de solicitude (Anexos).
3. Os convenios tipo en galego canalizadores das subvencións directas de carácter excepcional que se relacionan a continuación:
- Convenio tipo canalizador das subvencións directas de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00€ de xeito individual, a formalizar con entidades privadas, persoas físicas ou entidades públicas que non sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades
- Convenio tipo canalizador das subvencións directas de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00€ de xeito individual, a formalizar con entidades públicas que sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades.
(...)
SEGUNDO: Determinar que soamente se poderá solicitar anticipo con dispensa de garantía, cando se trate de subvencións directas de carácter excepcional, ata un máximo do 50% da subvención solicitada en circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actuación subvencionable doutro xeito.
TERCEIRO: Publicar na páxina web do ente provincial:
- Os modelos normalizados (Anexos) de solicitude e de xustificación.
- As instrucións sobre como cumprimentar os modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas excepcionais e sobre a documentación que debe acompañar aos modelos normalizados de solicitude (Anexos).
(...)
QUINTO: Os convenios tipo poderán ser obxecto de adaptación en casos excepcionais previo informe favorable da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 71/133 |

Fomento conformado pola Secretaría e sempre e cando non afecte ao contido substancial do convenio".
CUARTO: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2026, adoptou a seguinte proposta de acordo:
"Aprobar a corrección do erro material detectado e se suprima o parágrafo "tomando como referencia a data dos efectos económicos establecida na cláusula décimo cuarta" da cláusula sétima dos convenios tipo aprobados por acordo da Xunta de Goberno de data 27 de febreiro de 2026".

QUINTO: Consta providencia, de Presidencia, de impulso de expediente onde se establece o seguinte:
"Vista a solicitude realizada por dona María del Carmen Puga González, en nome e representación da entidade ASOC GALEGA DE APICULTURA, na que solicita unha subvención directa de carácter excepcional plurianual, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Proxecto de posta en valor dos meles galegos e da abella autóctona, polo importe de 25.812,88€ (14.412,88€ en 2026, 5.700,00€ en 2027 e 5.700,00€ en 2028), nas anualidades 2026, 2027 e 2028 (Expte. núm. 2026/OSB_01/000025), esta Presidencia impulsa a súa tramitación a través da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, en base ás seguintes consideracións:
Primeiro.- O obxecto da amentada subvención ten encaixe dentro da Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028, contribuíndo a conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.)".
Dentro desta mesma liña prevense, entre outros, os obxectivos específicos de fomento das actuacións que redunden na potenciación e mellora da actividade económica, social, cultural, medioambiental, humanitaria, etc. da provincia; o fomento e apoio de actuacións de interese público, social, económico ou humanitario, que redunden na xeración de riqueza para o territorio da provincia de Lugo; así como a potenciación dos sectores económicos clave para a economía provincial. Neste sentido, a actuación obxecto de subvención, de interese público, social e económico para a provincia, contribúe á potenciación e mellora da actividade económica, social, cultural e medioambiental da mesma, xerando riqueza, a través do apoio e a potenciacióndo sector apícola, clave para a economía provincial. Desta forma, a través do movemento asociativo dun sector estratéxico a nivel galego, e por ende, tamén a nivel da provincia de Lugo, contribúese á xeración de riqueza territorial e social do territorio provincial e autonómico.
Segundo.- O outorgamento desta subvención realízase ao amparo do previsto no artigo 22.2 apartado c) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), xa que:
• Concorren razóns de interese público, social e económico:



| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 72/133 |

Neste caso, concorren razóns de interese público, xeral, social e económico na actuación, xa que, a través da mesma preténdese fortalecer e consolidar o asociacionismo e a participación sectorial, como a mellor estratexia para a loita e a defensa dos intereses colectivos sectoriais, especialmente no rural, e como instrumento ou canle que contribúe á cohesión territorial, ao desenvolvemento rural e á dinamización comunitaria. En definitiva, á xeración de riqueza territorial e social.
Neste sentido, o asociacionismo e a unión sectorial, especialmente naqueles sectores máis vencellados coas zonas rurais (entre os que se encontra a apicultura), configúranse como a estratexia e o mecanismo máis axeitado para a defensa e loita pola pervivencia do propio sector, ademais da propia veciñanza, no marco dunha estratexia máis ampla de desenvolvemento social, económico e territorial. Desta forma, mellorando as condicións e os equipamentos dispoñibles polas entidades colectivas, mellórase o propio colectivo (favorecendo a súa pervivencia), ademais do da propia veciñanza na que se está inmerso o colectivo, e por ende, contribúese a unha cultura colaborativa e participativa.
Polo tanto, o interese xeral, público, económico e social da actuación está sobradamente xustificado; encaixa, alíñase, e contribúe de forma positiva e directa ao cumprimento dos obxectivos, programas públicos e compromisos institucionais da prioritaria liña de xeración de riqueza (territorial e social) para a provincia, e por extensión, á comunidade galega.
• Dificultade para levar a cabo unha convocatoria pública:
Estamos ante unha actividade de fomento que, polas características da actuación a subvencionar, o horizonte temporal no que se desenvolve (ao longo de tres anualidades), así como polas circunstancias singulares que a rodean; é moi difícil, por non dicir imposible, levala a cabo coas garantías e condicións apropiadas, a través do procedemento ordinario de concesión de subvencións (concorrencia competitiva), mediante unha convocatoria pública, e na que poidan participar outros posibles participantes e beneficiarios, polos seguintes motivos:
- Por un lado, a figura e o papel representativo que desenvolve a entidade promotora e beneficiaria da subvención que, carecendo de ánimo de lucro, configúrase como un referente asociativo sectorial a nivel galego, plenamente consolidado no territorio, e que representa e agrupa a redor de 1.500 asociados, co nexo común do mundo das abellas e da apicultura. Desenvolve e ocupa un papel e unha posición máis aló dunha mera asociación sectorial (de apicultores), xa que actúa como organización que contribúe decisivamente a modernizar a apicultura galega e a situar as abellas no centro dun debate máis amplo sobre biodiversidade, alimentación, cultura e futuro rural. En definitiva, desenvolve unha estratexia de desenvolvemento económico e social do territorio galego transversal, en torno ao mundo das abellas e todo o que o rodea. Neste eido, non existe outra entidade a nivel galego, e por ende, tampouco provincial similar, que conte cun nivel de implantación, representatividade sectorial territorial e capacidade equivalentes. Esta circunstancia infúndelle o carácter de practicamente única, con capacidade para desenvolver e executar a actuación; e que




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 73/133 |

permita asegurar así a transparencia, obxectividade e unha correcta aplicación dos fondos públicos, acorde e adecuada coa consecución dos obxectivos xerais pretendidos.
- Por outro lado, a actuación obxecto de subvención responde ás seguintes demandas ou necesidades:
1) A actuación a subvencionar incardínase nas liñas prioritarias de actuación para a provincia, previstos no vixente plan estratéxico, e que xiran en torno ao desenvolvemento económico e social do territorio provincial, e por extensión autonómico, especialmente nas zonas rurais e nas máis desfavorecidas e alonxadas das grandes urbes. Nestas zonas é precisamente onde se localiza maioritariamente o sector apícola.
2) A actuación ten por obxecto, entre outros, o de previr ou mitigar unha situación de risco, derivado da ameaza que supón para o sector apícola, a entrada en vigor do MERCOSUR, e que pode conlevar unha perda de competitividade deste sector en Galicia, e por ende da súa economía. Esta circunstancia esixe e demanda unha actuación inmediata, para facer fronte as ditas ameazas que, de non realizarse de forma inmediata e inminente, podería conlevar miores custos públicos no futuro, non só económico, sinón doutra índole.
3) O feito de non outorgar a subvención xeraría un prexuízo directo e avaliable para a economía e a sociedade galego, e por ende, tamén a provincial, xa que o sector apícola en Galicia, enténdese como estratéxico, tanto dende o punto de vista económico, como social, e mesmo medioambiental, cultural, histórico, etc. Neste sentido, a ausencia de apoio á actuación pode provocar a desaparición ou o debilitamento do sector apícola galego, considerado estratéxico para o desenvolvemento económico e social do territorio
4) É moi difícil, ou imposible, establecer criterios comparativos homoxéneos entre distintas entidades ou colectivos con implantación no territorio galego, e máis aínda a nivel provincial, ao non coñecerse neste territorio a existencia doutros colectivos que desenvolvan actuacións similares a prol dos mesmos obxectivos.
5) A natureza concreta e localizada da actuación, fai que non sexa susceptible de comparación obxectiva con outras posibles iniciativas nin a nivel provincial, nin autonómico.
Polo tanto, por canto vai dito, enténdese que queda sobradamente definida e xustificada a dificultade ou imposibilidade, para desenvolver unha convocatoria pública na que puidera ter encaixe a actuación a subvencionar.
• Carácter singular do obxecto da subvención.
A realización da actuación de "Proxecto de posta en valor dos meles galegos e da abella autóctona, posúe un carácter e unhas condicións singulares por excelencia, que a diferencian e converten en prácticamente única, respecto doutras coas que se puidera comparar. Neste sentido, trátase dunha proxecto amplo que abrangue tres anualidades, de carácter non estrutural, e que non xera distorsión competitiva, ao non financiar gastos ordinarios permanentes; polo que, a súa excepcionalidade ven determinada pola súa natureza e localización. Así, non é suspectible de comparación obxectiva con outras posibles iniciativas a nivel provincial, nin autonómico. Neste sentido, está conformado por investimentos e gastos correntes, ao longo dun horizonte temporal de tres anualidades, e perseguindo obxectivos estratéxicos e




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 74/133 |

transversais de diferentes áreas, que o configuran como prácticamente único, ou difícilmente comparable con outros, polo seu carácter estratéxico para a provincia e a comunidade galega, de cara á xeración de riqueza nas mesmas.
A actuación está vencellada a un ámbito territorial que supera o da provincia, no cal a entidade promotora e beneficiaria eríxese e configúrase como referente e representativa nese territorio, non existindo outras alternativas equivalentes no mesmo, pois pode entenderse como a única que reúne as condicións técnicas, implantación e representación territorial ou recoñecemento institucional necesario e adecuado para executar a actuación.
Polo tanto, o obxecto da actuación ten un marcado carácter singular, que o diferencia e singulariza respecto doutros posibles proxectos ou actuacións, desenvoltos ou que se pretendan realizar, por outras posibles entidades ou colectivos".

SEXTO: A representante da entidade beneficiaria solicita o aboamento anticipado do 50% sobre o importe total da subvención solicitada, é dicir, a cantidade de 12.906,44€ (7.206,44 en 2026, 2.850,00€ en 2027 e 2.850,00€ en 2028), con dispensa de garantía, declarando que presenta notorias dificultades de carácter económico para poder realizar a actuación obxecto da subvención doutro xeito.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS:

PRIMEIRA: A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), establece no seu artigo 22.2 c) que, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
O Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), determina no artigo 67 que, "Poderán concederse directamente, con carácter excepcional, as subvencións a que se refire a letra c) do apartado 2 do artigo 22 da LXS". No mesmo senso se expresa o artigo 19.4 apartado c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
Na base 24 de execución dos Orzamentos da Deputación da anualidade do 2026 establécese o seguinte:
"(...)
3. Principios Xerais
(...)
Concesión directa: As subvencións poderán outorgarse directamente, non sendo preceptiva a concorrencia competitiva nin a publicidade, nos seguintes casos:
(...)




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 75/133 |

- Con carácter excepcional aquelas nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
(...)”.
E no mesmo senso, se pronuncia o artigo 25 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación (publicada no BOP de Lugo núm. 009, do 11 de xaneiro de 2024 e a corrección de erros no BOP de Lugo núm. 038 do 15 de febreiro de 2025).

SEGUNDA: Na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación disponse o seguinte:
- Artigo 1. obxecto
“(...)
A concesión de subvencións que se realice ao amparo desta Ordenanza Xeral de Subvencións deberá estar vinculada a algún do obxectivos das Liñas das diversas Áreas do Plan Estratéxico de Subvencións vixente”.
- Artigo 28. Subvencións de concesión directa por razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública
“1. Con carácter excepcional, poderán concederse directamente subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.
2. Estas subvencións non poderán superar o limite establecido nas bases de execución do orzamento e/ou no Plan estratéxico de Subvencións vixentes.
3. O procedemento de concesión iniciarase a instancia de suxeito interesado.
4. Iniciado o procedemento, deberá emitirse:
- informe subscrito polo responsable do servizo ou centro xestor, no que se contemple a definición do obxecto da subvención, con expresa indicación do carácter excepcional e singular da subvención e as razóns de interese público, social, económico, humanitario ou outras que xustifiquen a dificultade da súa convocatoria pública.
- borrador de convenio canalizador da subvención, subscrito polo responsable do servizo ou centro xestor, no que se contemple o réxime xurídico ao que se axustará a subvención, e que necesariamente haberá de manifestarse sobre os seguintes extremos:
a) O obxecto da subvención e os seus beneficiarios.
b) O crédito orzamentario ao que se imputa o gasto e contía da subvención, individualizada, no seu caso, para cada beneficiario cando fosen varios.
c) Compatibilidade ou incompatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración, ente público ou privado, nacional, comunitario europeo ou internacional.
d) Prazos e modos de pago da subvención, posibilidade de efectuar pagos anticipados e abonos a conta, así como o réxime de garantías que, no seu caso, deban achegar os beneficiarios.
e) Prazo e forma de xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e da aplicación dos fondos percibidos.




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 76/133 |

5. Adoptarase o correspondente acto de concesión, previa fiscalización da Intervención provincial, ao que seguirá a firma do correspondente convenio canalizador.
A concesión destas subvencións realizarase por quen se determine nas bases de execución do orzamento e no Regulamento Orgánico da Deputación".

TERCEIRA: Órgano competente para a concesión da subvención.
- O artigo 8 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo establece que os órganos competentes para a concesión de subvencións serán son os que se determinen no Regulamento Orgánico da Deputación e nas Bases de execución do seu orzamento xeral.
-Na base 24.4 de execución dos Orzamentos da Deputación da anualidade do 2026 dispone o seguinte:
"(...)
Concesión directa: O órgano competente para o seu outorgamento é o Presidente a proposta do Delegado correspondentes sempre que o seu importe sexa inferior a 15.000,00 € de xeito individual, e a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores. (…)".

CUARTA: Trámites procedimentais.
No que se refire aos trámites procedimentais, relativos á aprobación do convenio que instrumenta a axuda, á concesión da subvención e á aprobación do gasto, e tendo en conta o disposto na Base 36 de execución do orzamento provincial para o ano 2026, que regula o alcance da fiscalización de gastos e ingresos, deben constar no expediente administrativo os seguintes documentos:
• Que a concesión directa da subvención ampárase nalgunha das normas que, segundo a normativa vixente, habilitan para utilizar este procedemento.
• Se é o caso, existencia de Convenio regulador da subvención.
• Acreditación na forma establecida na normativa reguladora da subvención, de que o beneficiario atópase ao corrente das obrigas tributarias e fronte á seguridade social e de non atoparse nas prohibicións para obter a dita condición, previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
• Informe ou proposta da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que, segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.
Así mesmo, o outorgamento dunha subvención debe cumprir, entre outros, o requisito de existencia de crédito adecuado e suficiente para a tender ás obrigas de contido económico que se deriven da concesión da subvención (art. 9.4.b) LXS e 6.4b) LSG).

QUINTA: Compromisos de gastos de carácter plurianual.




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 77/133 |

O artigo 174 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais regula os compromisos de gasto de carácter plurianual, no seguinte sentido:
"1. A autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordinarase ao crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.
2. Poderán adquirirse compromisos por gastos que se estendan a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen, sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio e que, ademais, se encontren nalgún dos casos seguintes:
(...)
a) Transferencias correntes que se deriven de convenios subscritos polas corporacións locais con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro.
3. O número de exercicios aos que poden aplicarse os gastos referidos nos parágrafos a), b) e e) do apartado anterior non será superior a catro. Así mesmo, nos casos incluídos nos parágrafos a) e e), o gasto que se impute a cada un dos exercicios futuros autorizados non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito correspondente do ano en que a operación se comprometeu as seguintes porcentaxes: no exercicio inmediato seguinte, o 70 por cento; no segundo exercicio, o 60 por cento, e no terceiro e cuarto, o 50 por cento.
(...)".
A este respecto, na Base 19ª das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2026 establécese:
"De acordarse, axustaranse ao establecido no Art. 174 do TRLRFL e nos artigos 79 a 88, ambos inclusive, do Real Decreto 500/1990, así como aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira conforme ao establecido no artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.
Corresponde á Xunta de Goberno a competencia para, en casos excepcionais, elevar as porcentaxes a que se refire o artigo 174 do TRLRFL.
No suposto de gastos plurianuais que deveñan de convenios de cofinanciamento a subscribir con entes públicos ou privados, ou aportacións destes, as porcentaxes e contías serán as que neles se determinen".
Por outro lado, o artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial, relativo ás subvencións plurianuais determina:
"1. Poderá autorizarse a concesión de subvencións cuxo gasto sexa imputable a exercicios posteriores a aquel en que recaia o acto de concesión.
2. No acto de concesión deberá indicarse a contía total máxima a conceder, así como a súa distribución por anualidades, dentro dos límites fixados no artigo 174 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, atendendo ao momento en que se prevexa realizar o gasto derivado das subvencións que se concedan (ao ritmo de execución). A modificación da distribución inicialmente aprobada requirirá a tramitación do correspondente expediente de reaxuste de anualidades".

SEXTA: : A lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no artigo 34.4 establece que, "(...) poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e réxime




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 78/133 |

de garantías deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención.
En ningún caso se poderán realizar pagos anticipados a beneficiarios cando solicitara a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, estar declarados en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme á Lei 22/2003, do 9 de xullo, Concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentencia de cualificación do concurso".
Prevé tamén que, a realización dos pagamentos anticipados, así como o réxime de garantías, deberán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención.
En sentido semellante se expresa o artigo 35.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, que determina que, "(...) Tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías deberán preverse expresamente na convocatoria, acto de concesión ou convenio", (neste caso, no convenio canalizador da subvención).
En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se solicitou a declaración de concurso voluntario, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarado en concurso, salvo que neste adquirise a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei Concursal, (Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio) sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
(…) a realización de pagos anticipados, así como o réxime de garantías, deberán preverse expresamente na convocatoria, acto de concesión ou convenio".
Neste sentido, a base 24ª.8, de execución do orzamento provincial para o ano 2026 dispón que, "poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguales a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito. (...)".

CONCLUSIÓNS:

PRIMEIRA. A finalidade da actuación da devandita subvención directa de carácter excepcional encaixa na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 da Deputación Provincial de Lugo.
Na mesma, establécese como obxectivo estratéxico o de "conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización,




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 79/133 |

en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.)”
Os obxectivos específicos da mesma son o fomento das actuacións que redunden na potenciación e mellora da actividade económica, social, cultural, medioambiental, humanitaria, etc. da provincia; o fomento e apoio de actuacións de interese público, social, económico ou humanitario, que redunden na xeración de riqueza para o territorio da provincia de Lugo; así como a potenciación dos sectores económicos clave para a economía provincial.

SEGUNDA: Queda acreditada, na providencia de impulso de expediente, a excepcionalidade da actuación a subvencionar e a dificultade de acudir a unha convocatoria pública.

TERCEIRA: A documentación aportada polo representante da entidade correspóndese coa aprobada por acordo da Xunta de Goberno na data do 27 de febreiro de 2026 (modelos normalizados de solicitude (Anexos) das subvencións directas excepcionais por importe igual ou superior de xeito individual a 15.000,00 €).
Polo que á vista da documentación e os datos que obran neste expediente, considérase que o obxecto desta subvención atópase comprendido dentro das motivacións definidas anteriormente, e que o beneficiario reúne os requisitos para optar á subvención. Así mesmo, consta no expediente xustificación ou declaración responsable do representante da entidade, de que a mesma cumpre cos requisitos establecidos nos artigos 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario.

CUARTA: Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións (BDNS) coa seguinte descrición:

| EPÍGRAFE | CÓDIGO | DESCRICIÓN |
|---|---|---|
| SECTOR ECONÓMICO | 94 | Actividades asociativas |
| FINALIDADE | 18 | Outras actuacións de carácter económico |
| IMPACTO DE XÉNERO | 2 | Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres, non se prevexa modificación algunha desta situación. |
| INSTRUMENTO DE AXUDA | SUBV | Subvención e entrega diñeraria sen contraprestación |

QUINTA: Neste caso, a subvención tramítase como un gasto plurianual, que abrangue as anualidades 2026, 2027 e 2028, cuxa execución se inicia no propio exercicio 2026.
Consta informe favorable de intervención sobre la existencia de crédito, por importe de 9.048,75€ na aplicación orzamentaria 9250.48911, e de 5.364,13€ na aplicación orzamentaria 9250.789 do vixente orzamento xeral. No mesmo consta ademais o compromiso de incluír:
- No orzamento do ano 2027, na aplicación orzamentaria 9250.48911, a cantidade de 5.700,00€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados da anualidade do 2027.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 80/133 |

- No orzamento do ano 2028, na aplicación orzamentaria 9250.48911, a cantidade de 5.700,00€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados da anualidade do 2028.
Tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
Polo tanto, cúmprense os requisitos e esixidos para os gastos de carácter plurianual.

SEXTA: Tendo en conta que non se aprecia risco de incumprir as obrigas que se deriven do convenio canalizador da subvención, procede, ao amparo do establecido no artigo 42.2 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (relativo ao réxime xeral de garantías) e na base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, que o aboamento da subvención se realice mediante un anticipo a conta do 50% sobre o importe total da subvención solicitada, é dicir, a cantidade de 12.906,44€ (7.206,44€ en 2026, 2.850,00€ en 2027 e 2.850,00€ en 2028), con dispensa de garantía, unha vez asinado o convenio canalizador desta subvención para a anualidade 2026, e unha vez aprobada a conta xustificativa da anualidade anterior, para as anualidades 2027 e 2028, cumprindo os trámites establecidos ao efecto, e aboando o 50% restante, é dicir, 12.906,44€ (7.206,44€ en 2026, 2.850,00€ en 2027 e 2.850,00€en 2028, unha vez aprobada a documentación xustificativa da subvención en cada unha das anualidades.
Non obstante, a conxuntura e a estratexia da estabilidade orzamentaria e/ou equilibrio orzamentario ou ben a regra de gasto, pode demandar que se demore este acto administrativo de aprobación do anticipo, cunha previa solicitude dos interesados, unha vez asinado o convenio e en función do grado efectivo de execución.

En base ao anteriormente exposto, e tendo en conta que o beneficiario reúne os requisitos para optar a subvención de carácter excepcional solicitada, INFORMASE FAVORABLEMENTE que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

1. Que se aprobe a concesión da subvención directa de carácter excepcional plurianual, por importe de 25.812,88€, a favor da entidade ASOC GALEGA DE APICULTURA para sufragar os gastos derivados da actuación "Proxecto de posta en valor dos meles galegos e da abella autóctona", nas anualidades 2026, 2027 e 2028, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, correspondente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 da Deputación Provincial de Lugo, e prevista no ANEXO I (actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026), na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, apartado c) correspondente á Área de Presidencia.
O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:
Anualidade 2026: 14.412,88€




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 81/133 |

Anualidade 2027: 5.700,00€
Anualidade 2028: 5.700,00€
2. Que se aprobe o gasto plurianual de 25.812,88€, que se desagrega en 9.048,75€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48911 e 5.364,13€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, a favor da entidade ASOC GALEGA DE APICULTURA, para sufragar os gastos derivados da actuación "Proxecto de posta en valor dos meles galegos e da abella autóctona", e adquirir o compromiso de incluír:
- No orzamento do ano 2027, na aplicación orzamentaria 9250.48911, a cantidade de 5.700,00€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados da anualidade do 2027.
- No orzamento do ano 2028, na aplicación orzamentaria 9250.48911, a cantidade de 5.700,00€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados da anualidade do 2028,
tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.
3. Que se aprobe o borrador do convenio en galego a través do que se instrumenta a citada subvención directa de carácter excepcional, que consta no expediente, e que se adecúa ao convenio tipo para subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00€ de xeito individual (conta xustificativa ordinaria en base ao establecido no artigo 31.2 da OXS) aprobado pola Xunta de Goberno, coas adaptacións correspondentes para as subvencións plurianuais".

Proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte ACORDO:

**1º.-** Aprobar a concesión da subvención directa de carácter excepcional plurianual, por importe de 25.812,88€ , a favor da entidade ASOC GALEGA DE APICULTURA para sufragar os gastos derivados da actuación "Proxecto de posta en valor dos meles galegos e da abella autóctona", nas anualidades 2026, 2027 e 2028, subvención incluída na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, correspondente á Área de Presidencia, do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028 da Deputación Provincial de Lugo, e prevista no ANEXO I (actuacións específicas e os créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026), na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, apartado c) correspondente á Área de Presidencia.
O importe da subvención tramítase como gasto plurianual coa seguinte distribución:
Anualidade 2026: 14.412,88€
Anualidade 2027: 5.700,00€
Anualidade 2028: 5.700,00€

**2º.-** Aprobar o gasto plurianual de 25.812,88€, que se desagrega en 9.048,75€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.48911 e 5.364,13€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, a favor da entidade ASOC GALEGA DE APICULTURA, para sufragar os gastos derivados da actuación "Proxecto de posta en valor dos meles galegos e da abella autóctona", e adquirir o compromiso de incluír:




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 82/133 |

- No orzamento do ano 2027, na aplicación orzamentaria 9250.48911, a cantidade de 5.700,00€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados da anualidade do 2027.
- No orzamento do ano 2028, na aplicación orzamentaria 9250.48911, a cantidade de 5.700,00€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados da anualidade do 2028,
tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**3º.-** Aprobar o borrador do convenio en galego a través do que se instrumenta a citada subvención directa de carácter excepcional, que consta no expediente, e que se adecúa ao convenio tipo para subvencións directas de carácter excepcional por importe igual ou superior a 15.000,00€ de xeito individual (conta xustificativa ordinaria en base ao establecido no artigo 31.2 da OXS) aprobado pola Xunta de Goberno, coas adaptacións correspondentes para as subvencións plurianuais, e cuxo contido é o seguinte:

"CONVENIO CANALIZADOR DA SUBVENCIÓN EXCEPCIONAL PLURIANUAL OUTORGADA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO A FAVOR DA ASOC GALEGA DE APICULTURA, CO OBXECTO DE COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "PROXECTO DE POSTA EN VALOR DOS MELES GALEGOS E DA ABELLA AUTÓCTONA" NAS ANUALIDADES 2026, 2027 E 2028 (APROBADO POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA )
En ……………………….

INTERVEÑEN

Dunha parte, dona Mª del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P2700000I, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local
E doutra parte, dona María del Carmen Puga González, na súa condición de representante legal do/a beneficiario/a ASOC GALEGA DE APICULTURA, con NIF G15077282, actuando en nome e representación do/a citado/a beneficiario/a.
Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario/a Xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 83/133 |

MANIFESTAN

Primeiro: Que no vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2026-2028, aprobado pola Xunta de Goberno o 23 de xaneiro de 2026, así como no ANEXO I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o ano 2026, aprobado por ese mesmo órgano o 23 de xaneiro de 2026, prevese na Liña 1.1 - Xeración de riqueza, da Área funcional Presidencia, a concesión de subvencións por parte da Deputación Provincial para conseguir maior riqueza en termos económicos e de benestar para a provincia. Esta riqueza enténdese no seu concepto máis amplo (aspectos materiais e intanxibles ou inmateriais), e contribuír así ao desenvolvemento conxunto do territorio, da poboación e da súa organización, en todos os aspectos (económico, social, medioambiental, cultural, deportivo, dixital, etc.). Dentro desta mesma liña, prevese, entre outros, os obxectivos específicos de fomento das actuacións que redunden na potenciación e mellora da actividade económica, social, cultural, medioambiental, humanitaria, etc. da provincia; o fomento e apoio de actuacións de interese público, social, económico ou humanitario, que redunden na xeración de riqueza para o territorio da provincia de Lugo; así como a potenciación dos sectores económicos clave para a economía provincial.

Segundo: Que por acordo da Xunta de Goberno, de data ........de ..................de .........., aprobouse o convenio que canaliza a subvención directa excepcional plurianual outorgada, por importe de 25.812,88€ (14.412,88€ en 2026, 5.700,00€ en 2027 e 5.700,00€ en 2028), a favor do/a beneficiario/a, ASOC GALEGA DE APICULTURA, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Proxecto de posta en valor dos meles galegos e da abella autóctona”, nas anualidades do 2026, 2027 e 2028.

Terceiro: Que existe crédito adecuado e suficiente por importe de 9.048,75€ na aplicación orzamentaria 9250.48911 e 5.364,13€ na aplicación orzamentaria 9250.789, do vixente Orzamento Xeral da Deputación, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados formalización do presente convenio para a anualidade 2026.
A Deputación adquire o compromiso de incluír:
- No orzamento do ano 2027, na aplicación orzamentaria 9250.48911, a cantidade de 5.700,00€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados da anualidade do 2027.
- No orzamento do ano 2028, na aplicación orzamentaria 9250.48911, a cantidade de 5.700,00€, para facer fronte ao financiamento dos gastos derivados da anualidade do 2028.
Tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Cuarto: O/a beneficiario/a achegou a documentación que acredita que cumpre cos requisitos establecidos no artigo 9 da Ordenanza Xeral de Subvencións.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 84/133 |

Quinto: A Deputación Provincial, con independencia do título competencial sectorial específico, realiza esta actividade de fomento ao abeiro do artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do artigo 109 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia; do artigo 3.3. da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, e restantes disposicións de xeral e concordante aplicación.

Por todo o manifestado, ambas partes recoñécense capacidade e representación suficiente para formalizar, en nome das entidades que neste acto se representan, este convenio con arranxo ás seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto do convenio.
O obxecto deste convenio é financiar os gastos derivados da execución da actuación “Proxecto de posta en valor dos meles galegos e da abella autóctona”, nas anualidades 2026, 2027 e 2028. Esta actuación consiste na organización e desenvolvemento do proxecto plurianual para a posta en valor dos meles galegos, así como para o fortalecemento e cohesión do sector apícola galego, ao longo das anualidades 2026, 2027 e 2028, segundo o proxecto achegado.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada.
O orzamento, inicialmente previsto, de execución da actuación subvencionada ascende, segundo os datos facilitados polo/a beneficiario/a da subvención, á cantidade total de 27.171,45€, distribuídos da seguinte forma:
Anualidade 2026: 15.171,45€
Anualidade 2027: 6.000,00€
Anualidade 2028: 6.000,00€
A contratación de persoal para o desenvolvemento da actuación subvencionable non implica relación laboral algunha entre dito persoal contratado e a Deputación Provincial.
Non se poderá esixir a este organismo responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, por feitos acontecidos durante o desenvolvemento do obxecto do presente convenio.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes.
Para a consecución dos obxectivos do presente convenio, as partes subscribintes conveñen o seguinte réxime de achegas, dereitos e obrigas.
Da Deputación:
- Deberá subvencionar a actuación cunha cantidade de 25.812,88€,, distribuídas da seguinte forma (14.412,88€en 2026, 5.700,00€ en 2027 e 5.700,00€en 2028), cantidade que fai referencia a unha porcentaxe ou fracción do custo total da actuación




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 85/133 |

subvencionada, xa que a lo menos, o 5 % da actuación subvencionada deberá ser financiada por o/a propia beneficiario/a.
- Incluír no orzamento do ano 2027 a cantidade de 5.700,00€, e no do ano 2028 a cantidade de 5.700,00€, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, a súa aprobación queda supeditada ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.
- O importe da subvención concedida en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, doutras Administracións Públicas ou entes públicos ou privados, supere o custo total da actuación subvencionada.
- En caso de incumprimento do previsto nos parágrafos anteriores, reducirase proporcionalmente a achega económica da Deputación provincial.
- A ser convidada a intervir nos actos públicos que se celebren en relación coa actuación subvencionada.
Do/a Beneficiario/a:
- Deberá realizar a actuación obxecto da subvención e pagar cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar a súa realización.
Así mesmo, deberá obter todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución.
- Deberá comparecer, por medio do seu representante legal ou persoa na que delegue, á presentación institucional que se organice pola Deputación Provincial.
- Autorizar á Deputación Provincial de Lugo a comunicar e difundir, polos medios ou canles que considere axeitados, a actuación subvencionada, e a súa condición de beneficiario/a.
- Deberá achegar as contas xustificativas que acrediten a execución da actuación subvencionada e os gastos derivados da mesma, segundo o establecido na cláusula sétima do convenio.
- Percibirá o importe da subvención, unha vez presentadas e aprobadas as conta xustificativas achegadas, sen prexuízo da posibilidade do aboamento anticipado, na porcentaxe e nos termos que se sinalan na cláusula adicional primeira, en cada unha das anualidades.
- Poderá subcontratar con terceiros ata o 100 % do importe da actuación subvencionada, nos termos establecidos na cláusula cuarta do convenio.
- Aportar a información requirida nas actuacións de comprobación e control financeiro.

Cuarta.- Subcontratación.
A realización da actuación subvencionada será obriga persoal do/a beneficiario/a, sen outras excepcións que as establecidas no presente convenio e dentro dos límites do artigo 29 da Ordenanza Xeral de Subvencións.
O/a beneficiario/a poderá subcontratar, total ou parcialmente, con terceiros a execución da actuación subvencionada ata o 100 % do importe subvencionado.
En ningún caso poderán subcontratarse actuacións que, aumentando o custe da actuación subvencionada, non aporten valor engadido ao contido da mesma.




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 86/133 |

No caso de que a actuación concertada con terceiros exceda do 20 % do importe da subvención, e dito importe sexa superior a 60.000,00€, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 29.3 da LXS:
- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo sexa autorizada previamente pola Deputación de Lugo.

Non poderá fraccionarse un contrato co obxecto de diminuír a contía do mesmo e eludir o cumprimento dos requisitos esixidos no apartado anterior.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante o/a beneficiario/a, que asumirá a total responsabilidade da execución da actuación subvencionada fronte á Administración.

O/a beneficiario/a será responsable de que, na execución da actuación subvencionada concertada con terceiros, se respecte a natureza e contía dos gastos subvencionables, e os contratistas estarán suxeitos ao deber de colaboración para a verificación do cumprimento de ditos límites.

O/a beneficiario/a da subvención non poderá concertar, en ningún caso, a subcontratación da actuación subvencionada con persoas ou entidades nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

1) Que estean incursas nalgunha das prohibicións establecidas na LXS.

2) Que teñan percibido outras subvencións para a realización da actuación obxecto de contratación.

3) Que sexan intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe do custe total da operación, a menos que dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou aos servizos prestados.

4) Que estean vinculadas co/coa beneficiario/a.

5) Que sexan solicitantes de axuda ou subvención na mesma convocatoria e programa, e que non obtiveran subvención por non reunir os requisitos ou non acadar a valoración suficiente.

No caso de que a entidade subcontratada estea vinculada co/coa beneficiario/a deberá cumprirse o seguinte:

a) Que se obteña a previa autorización expresa da Deputación de Lugo.

b) Que o importe subvencionable non exceda do custe incorrido pola entidade vinculada.

A acreditación do custe realizarase na xustificación nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do/a beneficiario/a.

De conformidade co establecido no artigo 14 da LXS, apartado 1, a), o/a beneficiario/a será responsable de cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actuación ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión desta subvención.

Quinta.- Control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 87/133 |

O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actuación subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas bases de execución do orzamento xeral vixentes.

Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do/a beneficiario/a.
O/a beneficiario/a deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.
De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o/a beneficiario/a desta subvención deberá cumprir o requisito de facer en galego, en calquera soporte, as campañas publicitarias e de promoción de actuacións (cursos, xornadas, conferencias, festas, espectáculos, actuacións deportivas, festivais, campionatos, etc.), incluídas nesta subvención.

Sétima.- Xustificación e aboamento da subvención.
Obriga establecida no artigo 30 da Ordenanza Xeral de Subvencións e na Base 24 de execución do Orzamento Xeral Vixente.
O prazo inicialmente previsto para que o/a beneficiario/a remita as contas xustificativas que acrediten a execución e os gastos derivados da actuación subvencionada abarca, ata o 31 de marzo de 2027 para xustificar os gastos da anualidade 2026, ata o 31 de marzo de 2028 para xustificar os gastos da anualidade 2027, e ata o 31 de marzo de 2029 para xustificar os gastos da anualidade 2028.
Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao/á beneficiario/a a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
De conformidade co disposto no artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese a obriga de que o/a beneficiario/a se relacione coa Deputación a través de medios electrónicos -a través da sede electrónica da Deputación-.
Transcorrido o prazo de xustificación establecido sen aportarse a mesma, requirirase ao/á beneficiario/a para que no prazo improrrogable de quince días hábiles sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o/a beneficiario/a sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención ou o procedemento de reintegro, no caso de ter percibido algún anticipo ou pago a conta, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.
Gastos subvencionables.




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 88/133 |

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que de maneira indubitada, respondan á natureza da actuación subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro dos anos 2026, 2027 e 2028.
Este prazo de execución pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao/á beneficiario/a a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.
Cando o/a beneficiario/a da subvención sexa unha empresa, os gastos subvencionables nos que incorrese nas súas operacións comerciais deberán haber sido aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
Considéranse gastos subvencionables os aboados dentro da anualidade correspondente, e ata á finalización do período de xustificación previsto no convenio, ou nas súas addendas, no seu caso.
O custo de adquisición dos gastos subvencionables en ningún caso poderá ser superior ao valor de mercado.
Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais, os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos, son subvencionables si están directamente relacionados coa actuación subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.
De acordo coa lexislación vixente en materia de igualdade entre homes e mulleres e de protección contra a violencia de xénero, non se subvencionarán aquelas actuacións e actuacións que inclúan - tácita ou implicitamente -contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.
Calquera actuación, consecuencia da actuación subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá traer consigo a suspensión da subvención concedida e a súa revogación e reintegro no seu caso.
Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionada.
A xustificación da subvención realizarase mediante a remisión, por parte do/a beneficiario/a, da seguinte documentación debidamente asinada (unha conta xustificativa por cada unha das anualidades 2026, 2027 e 2028) (os ANEXOS están dispoñibles na páxina Web da Deputación de Lugo e deben asinarse electronicamente polos suxeitos relacionados no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas):




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 89/133 |

• ANEXO I. Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actuacións realizadas, o custo total e os resultados obtidos.
• ANEXO II. Relación clasificada de gastos polo custo total da actuación subvencionada, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, a forma de pago, a descrición do gasto, así como a contía dos gastos que se imputan á Deputación.
No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.
• ANEXO III. Declaración conxunta
Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actuación subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actuación subvencionada.
Declaración responsable na que se faga constar que a actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.
Declaración responsable na que se faga constar que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu, en galego, na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actuación subvencionada.
Declaración responsable que no desenvolvemento da actuación non incluíu contidos ou publicidade que tácita ou implicitamente se puideran considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustificasen, banalizasen ou incitasen á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.
Declaración responsable de que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
Declaración responsable na que se faga constar que se cumpriu co establecido no artigo 31.3 da LXS.
• Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación clasificada de gastos, achegándoas polo custo total da actuación subvencionada.
• Dúas fotografías do investimento realizado.
• ANEXO IV. Compromiso do/a beneficiario/a de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.
• Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación do presente convenio, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 90/133 |

prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.
A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.
Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión "Recibín en efectivo na data ________", asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).
Tamén se admitirá que na factura ou documento de valor probatorio equivalente conste forma de pago "en efectivo"ou " pagado en caixa".
Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.
Respecto ao contido das facturas: estas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).
• Aportar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.
A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa (cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen ive- en servizos e subministros e 40.000,00 € -sen ive- en obras).
• Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
• No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o/a




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 91/133 |

beneficiario/a ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.
Nos supostos de subcontratación con entidades vinculadas a acreditación do custe realizarase nos mesmos termos establecidos para a acreditación dos gastos do/a beneficiario/a.
O centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo/a beneficiario/a, copia do ANEXO 1 da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.
O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado polo/a beneficiario/a. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que o/a beneficiario/a non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.
O incumprimento da obriga de xustificar ou a xustificación insuficiente será causa de perda de dereito ao cobro da subvención ou de reintegro, de conformidade co sinalado no artigo 36 da Ordenanza Xeral de Subvencións e no artigo 37.1 c de la LXS.

Oitava.- Perda do dereito ao cobro da subvención ou reintegro.
Procederá a perda do dereito ao cobro da subvención ou o reintegro das cantidades percibidas, máis os correspondentes xuros de mora devengados, dende a data do aboamento da subvención -anticipo- ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro, ou, a data na que o/a beneficiario/a ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo (artigos 37 e 38 da LXS e artigo 89 do RLXS) nos seguintes supostos:
a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención ou ocultando aquelas que o impedisen.
b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actuación, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.
c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 da LXS, e, no seu caso, nas normas reguladoras da subvención.
d) Incumprimento da obriga de adoptar as medidas de difusión establecidas no presente convenio.
e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 14 e 15 da LXS, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actuacións subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
f) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos/ás beneficiarios/as, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se deben conseguir os




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 92/133 |

obxectivos, realizar a actuación, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
g) Incumprimento das obrigas impostas pola Administración aos/ás beneficiarios/as, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da subvención, distintos dos anteriores, cando de elo se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actuacións subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calesqueira Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
h) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.
i) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.
Cando o cumprimento polo/a beneficiario/a se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite por estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a contía a reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados no parágrafo n) do apartado 3 do artigo 17 da LXS ou, no seu caso, os establecidos na normativa autonómica reguladora da subvención.
Igualmente, no suposto contemplado no apartado 3 do artigo 19 da LXS procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actuación subvencionada, así como a esixencia do xuro de mora correspondente.
O procedemento para o reintegro rexerase polo disposto nos artigos 41 a 43 da LXS, e o Capítulo II do Título III do RLXS.
As resolucións declarativas de incumprimento e de procedencia do reintegro porán fin á vía administrativa, podendo interpoñerse contra as mesmas recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da notificación da resolución, ou ben ser impugnadas directamente ante a orde xurisdicional contencioso-administrativa, na forma e prazo previstos pola Lei reguladora de dita xurisdición.

Novena.- Respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.
Calquera actuación, consecuencia da actuación subvencionada, que supoña discriminación por razóns de xénero, raza, relixión, nacemento, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais, protexidas pola nosa Constitución, poderá conlevar a suspensión da subvención concedida, e a súa revogación e reintegro no seu caso.

Décima.- Publicidade das subvencións outorgadas.
Segundo a normativa vixente, a concesión desta subvención terá que ser publicada, incluíndo nome ou razón social do/a beneficiario/a, número de identificación fiscal, finalidade ou finalidades da subvención con expresión, no seu caso, dos distintos programas ou proxectos subvencionados e a cantidade concedida.





| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 93/133 |

De acordo co establecido no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o/a beneficiario/a poderá facer constar o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando concorra algunha das causas previstas na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da devandita lei.
Así mesmo, infórmase ao/á beneficiario/a desta subvención da existencia do Rexistro Público de Subvencións, que pode ser consultado na seguinte dirección: http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index; así como dos dereitos sobre a protección de datos persoais previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais, e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
Esta subvención reflíctese no Rexistro Público de Subvencións coa seguinte descrición:

| EPÍGRAFE | CÓDIGO | DESCRICIÓN |
|---|---|---|
| SECTOR ECONÓMICO | 94 | Actividades asociativas |
| FINALIDADE | 18 | Outras actuacións de carácter económico |
| IMPACTO DE XÉNERO | 2 | Nulo. Cando non existindo desigualdades de partida en relación á igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, non se prevexa modificación algunha desta situación |
| INSTRUMENTO DE AXUDA | SUBV | Subvención e entrega monetaria sen contraprestación |

Pódese consultar a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Lugo na web desta entidade local, en concreto na seguinte dirección: http://www.deputacionlugo.gal/subvencions.

Décimo primeira.- Compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos.
A presente subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que, no seu caso, o/a beneficiario/a poida percibir para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou ente público ou privado de España, doutros Estados, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais, nos termos establecidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións.

Décimo segunda.- Causas de resolución e extinción do convenio.
O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.
Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.
O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada LRXS.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 94/133 |

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décimo terceira.- Réxime de protección de datos persoais.
Estarase ao disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo cuarta.- Vixencia do Convenio.
A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2026, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa da anualidade do 2028 e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2030, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2029.
A conta xustificativa da anualidade do 2026 debe estar aprobada na data límite do 31 de decembro de 2027 e pagada na data límite do 31 de xaneiro de 2028.
A conta xustificativa da anualidade do 2027 debe estar aprobada na data límite do 31 de decembro de 2028 e pagada na data límite do 31 de xaneiro de 2029.
A conta xustificativa da anualidade do 2028 debe estar aprobada na data límite do 31 de decembro de 2029 e pagada na data límite do 31 de xaneiro de 2030.
respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
Antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.
O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao/á beneficiario/a, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Décimo quinta.- Modificación do convenio
O convenio poderá modificarse por mutuo acordo das partes sempre que non se alteren as condicións esenciais do documento inicial e o convenio estea vixente.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Décimo sexta.- Carácter do convenio.
O presente convenio ten carácter administrativo, e rexerase ademais de polo disposto no mesmo, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa europea, na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Lugo, no Regulamento orgánico da Deputación, nas Bases de Execución do Orzamento Xeral da Deputación




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 95/133 |

Provincial, no vixente Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo e nas normas de Dereito Administrativo que directamente ou por analoxía puidesen resultar de aplicación.

Décimo sétima.- Plan de auditoría.
A efectos de executar o control financeiro e a fiscalización plena posterior en materia de subvencións pola Intervención Provincial, levarase a cabo un Plan de Auditoría anual que indique o alcance da comprobación, tanto a mostra e forma de selección, como as principais actuacións a comprobar, que como mínimo serán as seguintes:
1. Comprobar a execución polos/as beneficiarios/as das actuacións ou investimentos subvencionables e o cumprimento da finalidade para a que foron concedidas.
2. Verificar a existencia e custodia polo/a beneficiario/a das facturas, certificacións ou documentos xustificativos da subvención.
3. Verificar a data de pago dos devanditos documentos.
Para a execución do Plan de Auditoría, a Intervención Provincial pode, en caso de insuficiencia de medios propios dispoñibles, recabar a colaboración de empresas privadas de auditoría.

Décimo oitava.- Cuestións litixiosas.
As cuestións litixiosas que se deriven do presente convenio, dada a súa natureza xurídica administrativa, serán sometidas á orde xurisdicional contencioso-administrativa.

CLÁUSULAS ADICIONAIS

Primeira.- Anticipo.
A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50% sobre o importe total subvencionado en cada anualidade, é dicir, 12.906,44€ (7.206,44€en 2026, 2.850,00€ en 2027 e 2.850,00€en 2028), con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude do/a beneficiario/a que obra no expediente.
A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4, establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.
De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguales a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actuación doutro xeito.
En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios/as cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, fosen declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 96/133 |

Non procederá o aboamento do anticipo da anualidade 2027, en tanto non estea aprobada a conta xustificativa da anualidade 2026; nin o aboamento do anticipo da anualidade 2028, en tanto non estea aprobada a conta xustificativa da anualidade 2027.
Para o aboamento do devandito anticipo en cada anualidade, o/a beneficiario/a deberá achegar a seguinte documentación:
1. Solicitude do anticipo.
2. Documento bancario no que se indique o número de conta no que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitude achegada.
3. Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil ou con eficacia administrativa.
O centro xestor deberá xuntar, á documentación remitida polo/a beneficiario/a, copia do ANEXO I da solicitude da concesión de subvención e os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.
O aboamento do anticipo, unha vez aprobado o mesmo, será efectuado mediante transferencia bancaria ao número de conta sinalado polo/a beneficiario/a. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que o/a beneficiario/a non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

Segunda.- Bens inventariables.
De conformidade co establecido no artigo 31 da LXS, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables non inscribibles nun rexistro público, seguiranse as seguintes regras:
• O/a beneficiario/a deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.
• O incumprimento da obriga de destino referida anteriormente, que se producirá, en todo caso, co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no capítulo II do título II da LXS, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral.
Non se considerará incumprida a obriga de destino referida no parágrafo anterior cando, os bens foran substituídos por outros que sirvan en condicións análogas ao fin para o que se concedeu a subvención, e este uso se manteña ata completar o período establecido, sempre que a substitución fora autorizada pola Deputación de Lugo.
E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente, que consta de 23 páxinas numeradas, do que como Secretario/a dou fe".




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 97/133 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DO XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA SOBRE O PREZO XUSTO DE BENS EXPROPIADOS.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Vistas as resolucións do Xurado de Expropiación de Galicia, adoptadas en relación co expediente expropiatorio "Proxecto de expropiación por taxación conxunta dos terreos, bens e dereitos necesarios para a execución do polígono industrial da Fonsagrada. Solo urbanizable industrial SUDI-1", non procede a revisión en vía xuridiscional do mencionado acordo, xa que non se dan os supostos contemplados no artigo 126 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa e no artigo 140 do seu Regulamento.

Polo que vai dito, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar as cantidades fixadas polo Xurado de Expropiación de Galicia para as fincas, propietarios e importes que a continuación se indican, e que, igualmente, se proceda á consignación na Caixa de Depósitos da Tesourería Provincial da diferenza entre os importes previamente consignados ou xa pagados das follas de aprecio aprobadas anteriormente pola Xunta de Goberno e dos importes das resolucións do Xurado de Expropiación de Galicia, nos casos en que estas resolucións non coincidan cos importes das follas de aprecio:".

| Nº Parcela | Titulares | Importe consignado das follas de aprecio (Acordo XG 10/10/2025) | Importe xa pagado das follas de aprecio (Decreto 20/02/2026) | Importe das resolucións do XEG | Importes a consignar (Resolucións do XEG – consignacións ou pagos previos) |
|---|---|---|---|---|---|
| 5 | José Javier López López, María López López e Amparo López López | 1.819,23 € | - | 1.993,97 € | 174,74 € |
| 11 | José Javier López López, María López López e Amparo López López | 7.404,13 € | - | 9.310,05 € | 1.905,92 € |
| 13 | Elsira López Pérez, María Pilar López López, José Antonio López López, María Digna López López e Jesús López López | - | 49.156,33 € | 49.156,33 € | 0,00 € |
| 20 | José Javier López López, María López López e Amparo López López | 140,07 € | - | 140,07 € | 0.00 € |
| 26 | José Javier López López, María López López e Amparo López López | 2,90 € | - | 2,90 € | 0.00 € |
| 28 | José Javier López López, María López López e Amparo López López | 43,47 € | - | 43,47 € | 0.00 € |
| 41 | José Javier López López, María López López e Amparo López López | 32,84 € | - | 32,84 € | 0,00 € |
| | TOTAIS: | 9.442,64 € | 49.156,33 € | 60,679,63 € | 2.080,66 € |




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 98/133 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO IMPORTE, DAS BASES REGULADORAS E DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA PREMIOS "LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE", "PREMIO TURISMO SOSTIBLE" E PREMIOS "...E PARA COMER, LUGO Á GASTRONOMÍA LUCENSE" PARA A ANUALIDADE 2026.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"- Visto o Informe do Servizo de Turismo no que pon de manifesto a necesidade de aprobar as bases e proceder á convocatoria do programa premios "Lugo Cambia ao Turismo Lucense", "Premio Turismo Sostible" e Premios "...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense".
- Vista a existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente.
- Visto o informe da Sección de Fomento.
- Visto o informe de Intervención.

Tendo en conta os antecedentes expostos, a Deputada Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o importe correspondente á convocatoria do programa Premios "Lugo Cambia ao Turismo Lucense", "Premio Turismo Sostible" e Premios "...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense" para a anualidade 2026 por un importe de 5.000 euros IVE engadido co seguinte desglose:
Adquisición de diplomas acreditativos e agasallos de carácter simbólico, que na anualidade 2026 serán pezas de artesanía da provincia de Lugo: 2.000€ IVE engadido.
Gastos de organización da entrega dos premios: 3.000 euros IVE engadido.

**2º.-** Aprobar a convocatoria e as bases reguladoras do programa Premios "Lugo Cambia ao Turismo Lucense", "Premio Turismo Sostible" e Premios"...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense" para a anualidade 2026.

**3º.-** Aprobar os modelos de solicitude para participar na convocatoria do programa na anualidade 2026.

**4º.-** Aprobar a publicación da convocatoria e das bases reguladoras do programa no Boletín Oficial da Provincia".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 99/133 |

**10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO E DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ ANO 2026.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

"Como se recolle no informe emitido polo Xefe de Servizo de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Lugo de CSV IV7REXD2OFN2RJEP6VYN6PQBKU, co seguinte teor literal:
" ASUNTO: INFORME RELATIVO Á MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO E DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ ANO 2026.
EXP. 2025/XEN_01/004501

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión extraordinaria do día 30 DE DECEMBRO, aprobou a PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO E DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ ANO 2026.
SEGUNDO.- Esta programación veuse desenvolvendo ata o momento con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias 1720.22606, 1724.22606, 1725.22606 e 1729.22606.
TERCEIRO.- En sesión ordinaria de Xunta de Goberno de trece de febreiro de dous mil vinte e seis, adoptouse acordo de Modificación dos orzamentos da Programación anual de actividades de educación e divulgación ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá ano 2026
Nesta modificación aprobouse a liberación do crédito restante na aplicación orzamentaria 1729.22606 e que sexa incorporado a aplicación orzamentaria 1720.22606.
Por todo o exposto e ante as novas solicitudes recibidas por distintos colectivos vinculados ao medio ambiente que ou ben forman parte dos órganos de participación das Reservas da Biosfera ou ben colectivos provinciais interesados ou vinculados e por concellos que non forman parte das reservas. Cómpre a emisión do seguinte:

INFORME

Ante as novas solicitudes recibidas nesta Área de Medio Ambiente dende diversos Concellos da Provincia e colectivos relacionados co medio ambiente e considerando




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 100/133 |

todo o anterior e así mesmo o teor literal recollido na PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO E DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ ANO 2026, concretamente:
* Concello de Becerreá, que solicita actividades a desenvolver no terceiro trimestre de 2026, nomeadamente "Obradoiro de elaboración de xabón artesanal" e "Xornada de cántigas e baile tradicional en Cancelada".

" (...) Debe manifestarse que este listado que da lugar á Programación de Actividades da Deputación Provincial de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e dos Ancres Lucenses Montes de Cervantes Navia e Becerreá, pode verse alterado durante a execución desta programación debido ás posibles solicitudes que poidan chegar dos diferentes concellos e colectivos provinciais que poidan solicitar actividades. Así mesmo poderán darse posibles modificacións debido as diferentes accións que execute o área de medio ambiente neste eido ou por circunstancias que provoquen a anulación dalgún das accións formativas recollidas no listado anterior".

Por todo o recollido neste informe e á vista do estado de execución das partidas orzamentarias vinculadas á PROGRAMACIÓN ANUAL DE ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO E DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES E MONTES DE CERVANTES, NAVIA E BECERREÁ ANO 2026 e considerando as necesidades xa manifestadas considerase necesario incrementar o crédito retido nas aplicacións orzamentarias vinculadas para garantir a correcta execución ou tramitación desta programación.

Concretamente considerase necesario que se aumenten as cantidades destinadas a esta programación do seguinte xeito:

| Aplicación orzamentaria | Cantidade a inxectar (€) | Aplicación orzamentaria |
|---|---|---|
| 1724.22606 | 75.000,00 € | 1724.22606 |
| 1725.22606 | 7.000,00 € | 1725.22606 |
| Total | 82.000,00 | Total |

Polo anterior:
Proponse que, se procede, a xunta de Goberno adopte os seguintes acordos:
1. Aprobar a inclusión das actividades que se impartirán no no concello de Becerreá e que non se incluíron por erro material anteriormente, na Programación Anual de Actividades de Educación e Divulgación Ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá ano 2026.
2. Que se aprobe o incremento de crédito na Programación Anual de Actividades de Educación e Divulgación Ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 101/133 |

Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá ano 2026, polo importe que se recolle na seguinte táboa e con cargo ás aplicacións orzamentarias q se reflicten na mesma :

| Aplicación orzamentaria | Cantidade a inxectar (€) |
|---|---|
| 1724.22606 | 75.000,00 € |
| 1725.22606 | 7.000,00 € |
| Total | 82.000,00 |

É todo canto procede informar aos efectos oportunos.
Luis J. Fernández Reija
Xefe do Servizo de Medio Ambiente
Asinado dixitalmente
Conforme: O Deputado Delegado da Área de Medio Ambiente.
Asinado dixitalmente".

Por todo o anteriormente exposto e considerando o recollido no informe emitido polo área de Medio Ambiente de CSV IV7REXD2OFN2RJEP6VYN6PQBKU, PROPONSE, que a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a inclusión das actividades que se impartirán no concello de Becerreá e que non se incluíron por erro material anteriormente, na Programación Anual de Actividades de Educación e Divulgación Ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá ano 2026.

**2º.-** Que se aprobe o incremento de crédito na Programación Anual de Actividades de Educación e Divulgación Ambiental da Deputación de Lugo e das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá ano 2026, polo importe que se recolle na seguinte táboa e con cargo ás aplicacións orzamentarias q se reflicten na mesma :

| Aplicación orzamentaria | Cantidade a inxectar (€) |
|---|---|
| 1724.22606 | 75.000,00 € |
| 1725.22606 | 7.000,00 € |
| Total | 82.000,00 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA REVOGACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS DE USO DOS HORTOS URBANO DO RATO N.º 17, 26 E 15.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 102/133 |

"O Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 156 de 9 de xullo de 2020 establece os requisitos e condicións que rexen o uso e funcionamento dos Hortos urbanos do Parque do Rato.

O 14/03/2025, a Xunta de Goberno acorda concesión das autorizacións de uso dos Hortos urbanos do Parque do Rato (6ª fase), estando entre as persoas autorizadas Dna. Tamara Viña Zas, como usuaria do Horto nº 26, e a Sociedade Micolóxica Lucus, como usuaria do Horto nº 17.

O 27/02/2026, a Xunta de Goberno acorda a concesión das autorizacións de uso dos Hortos urbanos do Parque do Rato (7ª fase), estando entre as persoas autorizadas Dna. Marta María González Prado como usuaria do Horto nº 154.

O 23/03/2026, Dna. Marta María González Prado presenta escrito ante a Deputación de Lugo, con n.º de rexistro 2026RPE004787, no que comunica a renuncia ó Horto urbano nº 154.

O 08/05/2026, a Sociedade Micolóxica Lucus, a través do seu presidente, con numero de rexistro de entrada 2026RT010455, comunica a renuncia á autorización de uso do Horto urbano nº 17.

Dna. Tamara Viña Zas ten iniciado un expediente (2025/XEN_01/003941) de revogación da autorización de uso do Horto urbano concedido, sen que xustificase o motivo de non cultivar o Horto asignado, manifestando no marco deste expediente a renuncia ao Horto asignado nº 26.

Visto o informe emitido polo Servizo de Medio Ambiente con CSV: IV7REH73H55Z52OZS5NHEBHTMY e de conformidade ás previsións contidas na lexislación patrimonial, en particular na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas, do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e o Regulamento das Hortas urbanas ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo, PROPONSE á Xunta de Goberno de Deputación de Lugo a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** A aceptación da renuncia á adxudicación do Horto urbano do Rato nº 17 e a revogación, por parte da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, da Autorización de uso do Horto nº 17 do Parque do Rato concedida á Sociedade Micolóxica Lucus; e por tanto, a perda da súa condición de persoa usuaria dos Hortos urbanos do Rato, segundo o establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 103/133 |

A revogación terá efectividade transcorrido un mes da notificación da presente resolución, dacordo co establecido no apartado 4º das bases da convocatoria (BOP nº 227 de 30 de setembro de 2024).

**2º.-** A aceptación da renuncia á adxudicación do Horto urbano do Rato nº 26 e a revogación, por parte da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, da Autorización de uso do Horto nº 26 do Parque do Rato concedida a Dna. Tamara Viña Zas; e por tanto, a perda da súa condición de persoa usuaria dos Hortos urbanos do Rato, segundo o establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo.
A revogación terá efectividade transcorrido un mes da notificación da presente resolución, dacordo co establecido no apartado 4º das bases da convocatoria(BOP nº 227 de 30 de setembro de 2024).

**3º.-** A aceptación da renuncia á adxudicación do Horto urbano do Rato nº 154 e a revogación, por parte da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, da Autorización de uso do Horto nº 154 do Parque do Rato concedida a Dna. Marta María González Prado; e por tanto, a perda da súa condición de persoa usuaria dos Hortos urbanos do Rato, segundo o establecido no Regulamento das Hortas Urbanas Ecolóxicas da Excma. Deputación Provincial de Lugo.
A revogación terá efectividade transcorrido un mes da notificación da presente resolución, dacordo co establecido no apartado 4º das bases da convocatoria(BOP nº 227 de 30 de setembro de 2024)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO E APERTURA DE TRÁMITE DE AUDIENCIA DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2025.**

***1º.- Proposta de aprobación, se procede, de inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025. Club Deportivo Terra Padel (En constitucón).***

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

Informe relativo ao inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento de subvención




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 104/133 |

En relación á subvención concedida por importe de mil cincocentos oitenta e dous euros (1.582,00 €), ao CLUB DEPORTIVO TERRA PADEL (EN CONSTITUCION) con CIF: G72877947 para PADEL; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025, emite o seguinte, INFORME:

Primeiro. Visto que de acordo co punto 12º das Bases da convocatoria do concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2025, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 28 de febreiro de 2025, unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e que a rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario/a, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da execución da actividade, en calquera caso, o prazo rematará o 31 de marzo de 2026.

Segundo. Visto que a referida entidade non presentou no prazo previsto a preceptiva conta xustificativa ao abeiro das bases da convocatoria procedeuse ao trámite de requirimento da conta xustificativa previsto no punto 12º, no que se advertía que a falta de presentación da xustificación neste prazo adicional dará lugar a que o beneficiario sexa declarado decaído no seu dereito ao trámite correspondente (artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), e se inicie o procedemento de perda de dereito ao cobro da subvención, sen prexuízo das demais responsabilidades previstas na lexislación xeral de subvencións e restante normativa de aplicación.

Terceiro. Visto que con data 13/04/2026 13:26 e número de rexistro de saída 2026RPS005576 e numero de expediente 2026/XEN_01/001401, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de presentación da conta xustificativa, para que no prazo de 15 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, presentase a documentación indicada.

Cuarto. Que en aplicación do artigo artigo 41.1, da Lei 39/2015, que prevé que as notificacións se practicarán preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando o interesado resulte obrigado a recibilas por esta vía, consta no expediente electrónico o envío de notificación de requirimento de conta xustificativa de data 13/04/2026 13:26, rexeitada automaticamente con data 24/04/2026 00:10:37.




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 105/133 |

Á vista do exposto, de conformidade co establecido nas bases da convocatoria do procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, base 12, e do previsto no artigo 73 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede adoptar os seguintes acordos:

| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 119/133 |

Noveno. Que en consecuencia e de acordo co previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, na que se prevé que a falta de presentación da xustificación poderá implicar a perda do dereito ao cobro da subvención previo tramite do correspondente expediente.

Decimo. Que por acordo da Xunta de Goberno de data 17 de abril de 2026 se acorda o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e presentar as alegacións que considere oportunas.

Decimo primeiro. Que con data 21/04/2026 13:31 e numero de rexistro de saída 2026RPS006109 e de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificouse o referido acordo de Xunta de Goberno de 17 de abril de 2026 de apertura do trámite de audiencia, para que no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción presentase as alegacións que considere oportunas, e do que consta recepción electrónica asinada por parte do beneficiario de data 21/04/2026 13:41:16.

Decimo segundo. Que transcorrido o prazo previsto no referido requirimento non consta no servizo de Deportes a presentación de documentación e/ou alegacións polo beneficiario CLUBE ATLETISMO VILALBA no referido prazo de tramite de audiencia.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o tramite de audiencia ao interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a CLUBE ATLETISMO VILALBA por importe de mil sesenta e dous euros (1.062,00 €) para ATLETISMO, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025".




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 120/133 |

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO "...AUT RECEPTI BENEFICIO SE OBLIGATOS PUTANT. FORMAS NON COERCITIVAS DE TRANSFORMACIÓN INDÍXENA COLECCIÓN PHILTÁTE Nº 7".**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Normalización Lingüística, e Memoria Histórica, do seguinte teor:

"Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado "...aut recepti beneficio se obligatos putant. Formas non coercitivas de transformación indíxena Colección Philtáte nº 7"; proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autor María Dolores Dopico Caínzos e Manuel Villanueva Acuña. VV.AA na cantidade de dezasete euros (30,00 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de dezaseis euros con trinta e cinco céntimos (28,85 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE A UNHA PROFESORA (ESPECIALIDADE INGLÉS) 50% XORNADA, MEDIANTE CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN PARA CUBRIR TEMPORALMENTE UN POSTO DE TRABALLO ATA QUE FINALICE O PROCESO DE SELECCIÓN PARA A SÚA COBERTURA DEFINITIVA.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que mediante escrito de data 16 de abril de 2026 que tivo entrada nesta Entidade o mesmo día, D.ª María José Rivas Laso formula solicitude de autorización de compatibilidade, con efectos do día 16 de abril de 2026, por estar data de alta como Autónoma.

Considerando que D.ª María José Rivas Laso foi seleccionada para prestar servizos como Profesora (Especialidade Inglés), 50% xornada, con contrato de duración




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 121/133 |

determinada na modalidade de contrato por substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para a súa cobertura definitiva, por Resolución da Presidencia de da 15 de abril de 2026, iniciando a súa relación laboral o día 16 de abril de 2026.

Tendo en conta as consideracións legais e técnicas que se recollen no informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, que sinala textualmente:

"1º.- Normativa de aplicación:
O artigo 145 do RDL 781/86, establece que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local é o establecido na Lei 53/84 e "nas normas que dite o Estado para a aplicación aos funcionarios da Administración Local". Estas normas específicas non están ditadas.
As normas de desenvolvemento da lei 53/84 están contidas no RD 598/85 que, conforme ao artigo 1 do citado regulamento é de aplicación ao persoal determinado no artigo 2 da lei 53/84 "a excepción (...) do que desempeñe, como única ou principal, unha actividade pública ao servizo de unha Comunidade Autónoma ou Corporación Local" .
En consecuencia, a normativa aplicable está contida nas seguintes normas:
• Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas
• Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación provincial de Lugo (BOP 30.09.06).
• Igualmente debe tomarse en consideración o enunciado na Disposición Transitoria Novena, apartado 2, da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que condiciona a concesión de compatibilidade para actividades privadas a que a contía do complemento específico non supere o 30% da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade; e a expresa aceptación da persoa interesada.

2º Necesidade de preceptivo recoñecemento de compatibilidade e posibilidade de que se efectúe tal recoñecemento
O artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece:"O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade".
Dos antecedentes que obran no expediente da solicitante dedúcese que non se lle concedeu compatibilidade para ningunha actividade privada, nin para segundo posto de traballo no sector público.
A actividade privada para a que solicita compatibilidade non está exceptuada do réxime de incompatibilidades conforme ao previsto no artigo 19 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, procedendo, polo tanto, resolver sobre esta.

3º Límites por razón de imparcialidade e independencia no exercicio das funcións públicas
O artigo 1.3 da Lei 53/84 sinala:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 122/133 |

"En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia".

O artigo 11 da lei 53/84 sinala:

"1. De acordo co disposto no artigo 1.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado.

Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados".

A maiores do sinalado anteriormente, o artigo 12.1 da Lei 53/84 limita o exercicio da actividade privada, establecendo:

"1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:

a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, ou nos asuntos nos que estea intervindo, teña intervido nos dous últimos anos ou teña que intervir por razón do posto público.

Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos rectores de empresas ou entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas esté directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

c) O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de toda orde en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica de aquelas.

d) A participación superior ao 10 por 100 no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior".

Da instancia da interesada e documentación que figura no expediente nada indica que a actividade para a que solicita a compatibilidade infrinxa o sinalado no artigo anterior.

4º Limitacións sobre xornada e horario

O artigo 12.2 da Lei 53/84 establece:

"2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presencia efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 123/133 |

xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas, só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial".
O artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, establece:
"O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo nin o horario do interesado e queda automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto de traballo no sector público".
En consecuencia, dado que a actividade como empregado da Deputación é a tempo parcial, cos descansos que establece a Lei, para o cumprimento do sinalado no artigo anterior a presenza efectiva ou dedicación á actividade privada por parte da solicitante non poderá ser superior a metade da xornada semanal de traballo ao servizo da Deputación.
Tampouco se modificará por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario do empregado.
O Informe do Servizo sinala que non existe impedimento para autorizar a compatibilidade.

5º Limitacións relativas ao desempeño do posto de traballo
O Artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, di textualmente:
"O recoñecemento de compatibilidade (….) quedará sen efectos no caso de cambio de posto no sector público".
O Artigo 15 da Lei 53/84, establece:
"O persoal a que se refire esta Lei non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional".

6º Limitacións retributivas
O artigo 16 da mencionada norma establece:
"Así mesmo, por excepción e sen prexuízo do establecido nos artigos 1.3,11,12, e 13 da presente Lei, poderá concederse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñen postos de traballo que comporten percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable , cuxa contía non supere o 30 por cento das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade".
Nese sentido, o artigo 18. 4, parágrafo segundo, do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e INLUDES (BOP de 31.07.2006) establece:
"Os traballadores que soliciten compatibilidade para unha segunda actividade pública ou privada estarán ao que determine a lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, axeitándose as retribucións ao que determinen as citadas normas no suposto de que proceda acordar a compatibilidade".
Polo tanto, para o cumprimento do establecido no artigo 16 anterior, a contía do Complemento Específico a percibir polo traballador non pode superar o 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, debendo reducirse de superalas ao límite sinalado, entendéndose que ao aceptar a concesión de compatibilidade renuncia e acepta a limitación sinalada.




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 124/133 |

7º Tramitación, resolución e efectos da mesma
A solicitude da interesada debe ter a conformidade do Servizo a efectos de garantir que non interfire na prestación do mesmo.
Dado que o informe establece limitacións, entre elas as que afectan ás retribucións, debe ser posto en coñecemento do mesmo, a efectos do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
O artigo 14 da Lei 53/84 establece:
"O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade".

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte acordo concedendo a D.ª María José Rivas Laso a compatibilidade para traballar como Autónoma, que desenvolverá fóra do horario establecido para prestar os seus servizos neste Organismo, sen que se modifique por esa razón a súa xornada de traballo nin o horario e coas demais limitacións e condicionantes sinalados no presente informe, e os demais que se deriven da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e quedando automaticamente sen efectos polo cambio de posto de traballo. O incumprimento das condicións legais establecidas, co contido expresado neste informe, poderá ser sancionado conforme as normas contidas no Título VII (Réxime Disciplinario) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e demais normas sobre réxime disciplinario que resulten de aplicación.

A autorización de compatibilidade terá efectos dende o día 16 de abril de 2026, data na inicia a relación laboral nesta Entidade como Profesora (Especialidade Inglés), con contrato de duración determinada na modalidade de contrato por substitución para cubrir temporalmente un posto de traballo ata que finalice o proceso de selección para a súa cobertura definitiva".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- CONTA E CUMPRIMENTO DO RECURSO DE APELACIÓN Nº 501/2025.**

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Visto que no RECURSO DE APELACIÓN Nº 501/2025 seguido a instancia desta entidade fronte ao Auto de data 16 de setembro de 2025 ditado no Procedemento:



| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 125/133 |

Peza Separada de Medidas Cautelares 0000223/2025 polo Xulgadoo Contencioso Administrativo nº2 de Lugo sobre administración local, sendo parte apelada Dª A.M.L.R, a Sala do Contencioso Administrativo do TSX de Galicia – Sección 1 – ditou a Sentenza nº123/2026, en data 26 de febreiro de 2026 cuxo fallo é o seguinte:

"Desestimar el recurso de apelación interpuesto por la Diputación Provincial de Lugo contra el auto nº 77/25, de 16 de septiembre de 2025, del Juzgado de lo contencioso-administrativo nº 1 de Lugo, en la pieza separada de Medidas Cautelares 223/25-1 derivada del PA 223/25, el cual se confirma.
Sin costas. "

Visto, asemade, o Oficio de data 6 de maio de 2026 do Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo no que acorda a firmeza do devandito Auto de data 16 de setembro de 2025 así como da Sentenza ditada o Recurso de Apelación nº 501/2025.

Tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Considerando, por tanto, a necesidade de dar cumprimento á devandita Sentenza, á Xunta de Goberno proponse:

**1º.-** Darse por enterada da devandita Sentenza nº123/2026, de data 26 de febreiro de 2026, de data 6 de marzo, ditada pola Sala do Contencioso Administrativo do TSX de Galicia Sección 1.

**2º.-** Que polo Departamento correspondente se leve a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.**

***1º.- Dación de conta de plan anual de control financeiro do sector público deputación provincial de Lugo para o exercicio 2025. servizo de deportes. entidade: asociación prestadora de servicios á Xuventude Sagrado Corazón.***

Dase conta, en aplicación das actuacións previstas no Plan Anual de Control Financeiro do Sector Público Provincial de Lugo para o exercicio 2025, en concreto actuacións de control financeiro de subvencións recollida no mesmo, e de conformidade co artigo 32.2 do Rd 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o Réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, a




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 126/133 |

adxudicataria de auditoría procedeu á revisión do expediente do órgano xestor sevizo de Deportes:
- Subvención nominativa ASOCIACIÓN PRESTADORA DE SERVICIOS Á XUVENTUDE SAGRADO CORAZÓN "ORGANIZACIÓN LUGO É BASKET " ANUALIDADE 2022
Os respectivos informes definitivos de control financeiro derivaron na procedencia de devolución de parte das axudas percibidas e e dos respectivos xuros de mora.
Como consecuencia da remisión do informe definitivo á entidade beneficiaria, e sen necesidade do trámite de expedeinte de reintegro, a ASOCIACIÓN PRESTADORA DE SERVICIOS Á XUVENTUDE SAGRADO CORAZÓN procedeu á devolución voluntaria do importe de 182,39 € recollido nos respectivos informes e así mesmo, unha vez tramitado o respectivo cálculo de xuros, aprobada a súa liquidación por Resolución de Presidencia de data 22/04/2026 e comunicada a correspondente notificación, a entidade procedeu ao ingreso do importe procedente de 21,05 €, quedando por tanto, concluso o procedemento previsto. A Xunta de Goberno queda enterada.

***2º.- DACIÓN DE CONTA DE PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO SECTOR PÚBLICO DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO PARA O EXERCICIO 2025. SERVIZO DE DEPORTES.***

Dase conta, en aplicación das actuacións previstas no Plan Anual de Control Financeiro do Sector Público Provincial de Lugo para o exercicio 2025, en concreto actuacións de control financeiro de subvencións recollida no mesmo, e de conformidade co artigo 32.2 do Rd 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o Réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, a adxudicataria de auditoría procedeu á revisión do expediente do órgano xestor sevizo de Deportes:
- SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DÁ PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2022"
Os respectivos informes definitivos de control financeiro derivaron na procedencia de devolución de parte das axudas percibidas e e dos respectivos xuros de mora.
Como consecuencia da remisión do informe definitivo á entidade beneficiaria, e sen necesidade do trámite de expedeinte de reintegro, o CLUB XIMNASIA RÍTMICA VIOLETA procedeu á devolución voluntaria do importe de 733,00 € recollido nos respectivos informes e así mesmo, unha vez tramitado o respectivo cálculo de xuros, aprobada a súa liquidación por Resolución de Presidencia de data 22/04/2026 e comunicada a correspondente notificación, a entidade procedeu ao ingreso do importe procedente de 91,70 €, quedando por tanto, concluso o procedemento previsto. A Xunta de Goberno queda enterada.

***3º.- Dacción de conta do Decreto nº7/2026, de 3 de marzo, ditado polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo no PA 0000307/2025***




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 127/133 |

Dase conta, no Procedemento Abreviado 0000307/2025 seguido a instancia de D. C.V. P. e MAPFRE ESPAÑA, S.A. fronte á Deputación en materia de responsabilidade patrimonial o Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo ditou o Decreto nº 7/2026, en data 3 de marzo, cuxa parte dispositiva é a seguinte:

"ACUERDO:
- Tener por DESISTIDO a los recurrentes CARLOS VERDES PEDREIRA y MAPFRE ESPAÑA SA declarando la terminación de este procedimiento.
- Firme la presente resolución, archivar las actuaciones".

Visto o Oficio de data 6 de maio de 2026 do citado Tribunal no que acorda a firmeza do devandito Decreto de 3 de marzo de 2026.
O anteriormente exposto, ponse en coñecemento desa Xunta de Goberno para que surta os efectos oportunos. A Xunta de Goberno queda enterada.

***4º.- Dacción de conta da Dilixencia de Ordenación de data 8 de maio de 2026 do Tribunal de Instancia Sección do Social Praza nº1 de Lugo – PO 0000541/2020***

Dase conta, visto o Procedemento Ordinario 0000541/2020 seguido a instancia de D. R. S. C e outros dezaoito demandantes fronte a SUPLUSA, TRAGSA e fronte á Deputación en materia de recoñecemento de dereito.

Vista a Proposta da Presidenta de data 23 de abril de 2026 que sinala o seguinte:

"PROPOSTA DA PRESIDENCIA
PRIMEIRO.- A Deputación de Lugo veu desenvolvendo dende o día 1 de xaneiro de 2024, logo da aprobación na súa Xunta de Goberno de data 29 de decembro de 2023, un encargo ao seu medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), mediante o cal, o devandito medio propio, realizou o Servizo conservación das zonas verdes de titularidade provincial, competencia da Deputación de Lugo.
SEGUNDO.- O encargo estableceuse por un período inicial de 2 anos, dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2025, coa posibilidade de ser prorrogado anualmente, ata o 31 de decembro de 2027.
TERCEIRO.- A Xunta de Goberno, en sesión de data 30 de decembro do 2025 adoptou o o acordo de aprobar a prórroga por 1 ano adicional (dende o día 1 de xaneiro de 2026 ao 31 de decembro de 2026) do encargo e gastos correspondentes á empresa Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. do Servizo conservación das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación de Lugo para a anualidade 2026 esta prórroga é a que, actualmente, encontrase en vigor.
CUARTO.- É vontade desta Presidencia proponer á Xunta de Goberno a asunción por parte da Deputación provincial de Lugo, sen utilización do medio propio TRAGSA, do Servizo conservación das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación de Lugo.




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 128/133 |

Polo exposto, PROPOÑO á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:
1º.- Iniciar expediente para que o servizo de conservación das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación Provincial de Lugo sexa prestado directamente pola propia Deputación de Lugo, unha vez finalice a prórroga do encargo, actualmente en vigor, que tendrá efectos o día 31 de decembro de 2026.
2º.- Co obxeto de que o servizo de conservación das zonas verdes de titularidade provincial poda prestarse de xeito adecuado o 1 de xaneiro de 2027, acordar que polos distintos servizos da Deputación provincial de Lugo se emita informe sobre a tramitación procedente, tanto dende o punto de vista xurídico como económico e laboral para que se poida dar cumprimento, nesa data ao regulado no art. 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do estatuto dos traballadores en relación coa subrogación nos dereitos e obrigas laborales e de seguridade social, en relación co persoal que presta seus servicios na actualidade, na Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. no Servizo conservación das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación de Lugo.
3º.- Comunicar o acordo á Secretaría Xeral, Intervención Municipal, ao Serivio de RR.HH., e Servicio de Medio Ambiente".

Vista a certificación do acordo da Xunta de Goberno de data 24 de abril de 2026 do seguinte teor:

"PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ASUNCIÓN POR PARTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, SEN UTILIZACIÓN DO MEDIO PROPIO TRAGSA, DO SERVIZO CONSERVACIÓN DAS ZONAS VERDES DE TITULARIDADE PROVINCIAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Primeiro.- A Deputación de Lugo veu desenvolvendo dende o día 1 de xaneiro de 2024, logo da aprobación na súa Xunta de Goberno de data 29 de decembro de 2023, un encargo ao seu medio propio personificado e servizo técnico, Empresa de Transformación Agraria S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSA), mediante o cal, o devandito medio propio, realizou o Servizo conservación das zonas verdes de titularidade provincial, competencia da Deputación de Lugo.
Segundo.- O encargo estableceuse por un período inicial de 2 anos, dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2025, coa posibilidade de ser prorrogado anualmente, ata o 31 de decembro de 2027.
Terceiro.- A Xunta de Goberno, en sesión de data 30 de decembro do 2025 adoptou o acordo de aprobar a prórroga por 1 ano adicional (dende o día 1 de xaneiro de 2026 ao 31 de decembro de 2026) do encargo e gastos correspondentes á empresa Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. do Servizo conservación das




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 129/133 |

zonas verdes de titularidade provincial da Deputación de Lugo para a anualidade 2026 esta prórroga é a que, actualmente, encontrase en vigor.
Cuarto.- É vontade desta Presidencia propoñer á Xunta de Goberno a asunción por parte da Deputación provincial de Lugo, sen utilización do medio propio TRAGSA, do Servizo conservación das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación de Lugo.
Polo exposto, propoño á Xunta de Goberno a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Iniciar expediente para que o servizo de conservación das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación Provincial de Lugo sexa prestado directamente pola propia Deputación de Lugo, unha vez finalice a prórroga do encargo, actualmente en vigor, que terá efectos o día 31 de decembro de 2026.

2º.- Co obxecto de que o servizo de conservación das zonas verdes de titularidade provincial poda prestarse de xeito adecuado o 1 de xaneiro de 2027, acordar que polos distintos servizos da Deputación provincial de Lugo se emita informe sobre atramitación procedente, tanto dende o punto de vista xurídico como económico e laboral para que se poida dar cumprimento, nesa data ao regulado no art. 44 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido do estatuto dos traballadores en relación coa subrogación nos dereitos e obrigas laborales e de seguridade social, en relación co persoal que presta seus servicios na actualidade, na Empresa de Transformación Agraria, S.A., S. M.E, M.P. no Servizo conservación das zonas verdes de titularidade provincial da Deputación de Lugo.

3º.- Comunicar o acordo á Secretaría Xeral, Intervención Municipal, ao Servizo de RR.HH., e Servizo de Medio Ambiente".

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Para que conste expido a presente certificación, de orde e co Visto e Prace da Ilma. Sra. Presidenta, coa reserva do establecido no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais".

Visto o escrito procesual presentado ante o citado Tribunal polo letrado da Deputación, a letrada dos demandantes e o avogado do Estado no que, en base á devandita proposta, solicitan a suspensión do acto da vista sinalada para o 11 de maio de 2026.

Visto, por último, a Dilixencia de Ordenación de data 8 de maio de 2026 na cal se sinala o seguinte:

"Presentado el anterior escrito firmado de forma conjunta por los letrados representantes de la parte demandante y demandadas, acuerdo:




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 130/133 |

-la SUSPENSIÓN del acto del juicio que venía señalado para el próximo día 11.5.2026 y señalar nuevamente para su celebración el próximo día 18.1.2027 a las 12:00 horas, quedando citadastodas las partes mediante la notificación de la presente resolución".

Visto o anterior, ponse en coñecemento desa Xunta de Goberno ós efectos oportunos. A Xunta de Goberno queda enterada.

***5º.- Dacción de conta da Sentenza nº25/2026, de data 27 de febreiro, ditada polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo no Procedemento Abreviado 0000227/2025***

Dase conta do Procedemento Abreviado 0000227/2025 seguido a instancia de CAJA DE SEGUROS REUNIDOS, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. , HELVETIA CIA SUIZA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS fronte ao seguinte acto administrativo: "Resolución de fecha 20 de junio de 2025 que desestima la reclamación patrimonial formulada por el recurrente en solicitud de 457,34 € por daños causados el día 21 de julio de2024 en el vehículo matrícula 6541-BYF por la irrupción de un jabalí en la vía LU-P 1611, a la altura del P.K. 11,932". o Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo ditou a Sentenza nº 25/2026, en data 27 de febreiro de 2026 , cuxo fallo é o seguinte:

"Que debo DESESTIMAR y DESESTIMO el recurso contenciosoadministrativo interpuesto por la representación procesal de CAJA DE SEGUROS REUNIDOS CIA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A.,("CASER"),entidad absorvente de HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS("Helvetia Seguros"),frente a la EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO y con intervención de MAPFRE ESPAÑA S.A., contra la resolución administrativa desestimatoria de la reclamación patrimonial formulada por el recurrente en el expediente de Responsabilidad Patrimonial 23/2025.
Con imposición de costas a la parte demandante hasta la cifra máxima de cien euros, por todos los conceptos.
Notifíquese esta Sentencia a las partes haciéndoles saber que contra la misma no cabe interponer Recurso ordinario alguno".

Visto o anterior así como o Oficio do citado Tribunal de data 6 de maio de 2026 que acorda decretar a firmeza da citada Sentenza, ponse en coñecemento desa Xunta de Goberno ós efectos oportunos. A Xunta de Goberno queda enterada

***6º.- Dacción de conta do Auto nº 22/2026, de 6 de marzo de 2026, ditado polo Tribunal de Instancia Sección do Social Praza nº 1 de Lugo no procedemento Dereitos Fundamentais 0000020/2026.***




| | | | |
|---|---|---|---|
| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 131/133 |

Dase conta do procedemento de Dereitos Fundamentais nº 0000020/2026 seguido a instancia de A.M.L.R., fronte á Deputación Provincial de Lugo e J.T.R, P.G.P e P.F.M sobre tutela de dereitos fundamentais e reclamación de indemnización, en data 06-03-2026 o Tribunal de Instancia Sección do Social Praza nº 1 de Lugo ditou Auto nº 22/2026 co seguinte teor:

"Dispongo: Tener por desistido a A.M.L.R. de su demanda frente a DIPUTACION PROVINCIAL DE LUGO, de tutela derechos fundamentales y renunciado respecto a J.T.R., P.G.P., P.F.M.
Archivar las actuaciones una vez que sea firme esta resolución".

En relación co anterior, e aos efectos de que a Xunta de Goberno teña coñecemento, se da conta asemade da proposta de acordo emitida pola Comisión para a prevención e tratamento do acoso constituída logo do Decreto da Presidencia da Deputación de data 15-01-2025.

Proposta de acordo da Comisión para a prevención e tratamento de acoso da Deputación Provincia de Lugo de data 23-01-2026.

En data 15-01-2025 se constitúe a Comisión para a prevención e tratamento do acoso no marco de dous procedementos formais de activación do protocolo de acoso por dúas persoas funcionarias da Entidade.

En data 23-01-2026 se remite ao órgano competente a seguinte proposta de resolución:

1º.- Tomar razón dos acordos acadados por unanimidade pola Comisión para a prevención e tratamento do acoso constituída o 15.01.25 logo do Decreto da Presidencia da Deputación de data 10.01.2025, en concreto no establecido nas catro conclusións aprobadas nas que se rexeita a existencia de acoso laboral e confirma a existencia dun conflito laboral.

2º.- Aceptar a primeira recomendación acordada pola Comisión de Acoso o 23 de xaneiro de 2026, polo que se resolve encomendar ao Servizo de Prevención da Entidade a implementación dunha AVALIACIÓN INMEDIATA dos riscos psicosociais no Servizo RRHH e na Sección de Selección, dando continuidade a necesaria xestión dos mesmos.

3º.- Aceptar a segunda recomendación acordada pola Comisión de Acoso 23 de xaneiro de 2026, ordenando se inicie canto antes a redacción, estudio, negociación coa representación sindical e posterior aprobación polo Órgano Competente dun novo protocolo de acoso na Entidade.

4º.- Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento dos acordos adoptados pola Comisión de Acoso o 23 de xaneiro de 2026".




| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 132/133 |

A devandita proposta de resolución foi aprobada mediante Decreto de data 26-01-2026.

Visto o anterior, ponse en coñecemento da Xunta de Goberno o Auto de data 6 de marzo de 2026 e a proposta de acordo e resolución relativa á Comisión para a prevención e tratamento do acoso aos efectos oportunos. A Xunta de Goberno queda enterada.

**18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.**

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**A PRESIDENTA**

**O SECRETARIO**





| | IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Fecha y Hora | 19/05/2026 10:34:16 |
|---|---|---|---|
| Normativa | Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza. | | |
| Firmado por | JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO | | |
| Firmado por | MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO | | |
| Url de verificación | https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RGQIONDXSRWXNQTYAL32PIY | Página | 133/133 |